

PROVIDENCIA DA ALCALDÍA

Visto que no concello de vilardevós se desenvolveu o proceso de estabilización de emprego público conforme á normativa vixente, no que se inclúe a praza de profesora do programa de educadora familiar.

Visto que dito proceso xa foi finalizado, quedando a praza debidamente cuberta e regularizada.

Considerando que por resolución de alcaldía de data 9/02/2026 acordouse nomear e contratar como persoal laboral fixo no cadro de persoal deste Concello a:

Praza convocada	Candidato/a proposto/a	DNI
Profesora do programa de educación familiar	Eva María Pérez Gamote	44*****6X

E Incluir na lista de agarda aos seguintes aspirantes:

Praza de Profesora programa de educación familiar:

Interesado/a	DNI	Méritos profesionais (Máx 90 puntos)	Outros méritos (máx 10 puntos)	Total
Naiara García Braseró	34*****3N	14,40	10	24,40
María Del Carmen Fernandez Martinez	44*****4A	1,80	10	11,80
Teresa López Pérez	47*****6V	1,44	10	11,44
Lucía Serans Santos	45*****7B	0,24	10	10,24
Hilda Fernandez Rodriguez	34*****7V	0	10	10
Laura Fernández Alonso	34*****1X	0	0,10	0,10

Visto que por Resolución de alcaldía do 02/03/2026 recoñeceuse a continuidade de D^a Eva María Pérez Gamote, traballadora laboral fixa na categoría de Profesora do programa de educación familiar (en virtude da resolución de alcaldía de data 9/02/2026) en situación administrativa de servizos especiais por ostentar o cargo de concelleira do Concello de Vilardevós e mentras o ostente.

Considerando a importancia do servizo de educación familiar como recurso esencial de apoio ás familias do municipio, especialmente na intervención socioeducativa con menores e unidades familiares en situación de vulnerabilidade.

Tendo en conta o informe e a demanda expresa da Traballadora Social municipal, na que se pon de manifesto a necesidade de reforzar a intervención coas familias, así como a conveniencia de contar coa figura da Educadora Familiar para garantir unha atención integral, continuada e de calidade.

Considerando, ademais, o compromiso deste Concello coa protección social, a prevención de situacións de risco e a promoción do benestar das familias e da infancia.



DISPOÑO:

Primeiro.- Incoar o expediente para a contratación, como persoal laboral interina do Concello de Vilardevós na categoría de Profesora do programa de educación familiar á candidata que corresponda atendendo á lista de agarda creada ao abeiro da base décima das bases e convocatoria polas que se rexerá o sistema selectivo de Concurso de méritos do persoal laboral correspondente á Oferta excepcional de Emprego Público de Estabilización Temporal de Emprego, enmarcada na Lei 20/2021, do 28 de decembro, do Concello de Vilardevós aprobadas por resolución do 31/03/2025, , co obxectivo de retomar e reforzar a atención socioeducativa ás familias do Concello.

Segundo.- Publicar a composición da bolsa no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal e abrir un prazo de dez (10) días hábiles para que se poidan presentar alegacións. Os aspirantes formarán a bolsa de traballo coa puntuación que obtivesen no proceso selectivo, segundo a base décima das bases e convocatoria polas que se rexerá o sistema selectivo de Concurso de méritos do persoal laboral correspondente á Oferta excepcional de Emprego Público de Estabilización Temporal de Emprego, enmarcada na Lei 20/2021, do 28 de decembro, do Concello de Vilardevós aprobadas por resolución do 31/03/2025

Terceiro.- Solicitar informe á secretaria-interventora sobre a lexislación vixente e o procedemento legalmente establecido.

En Vilardevós, a 03 de marzo de 2026.

A Alcaldesa
Eva María Pérez Gamote

